



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO MEIRAMA
Promotor	NATURGY RENOVABLES, SLU
Localización	CONCELLOS DE CERCEDA, CARRAL E ORDES
Expediente	IN408A 2018/27

SOLICITANTE : Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 09/03/2022 e número de rexistro de entrada 2022/499927, traslado da resposta do promotor ó informe desta dirección xeral de data 11/02/2022 .

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considérase ca información adicional proporcionada para poder avaliar o risco da saúde, segue sen abordar adecuadamente os aspectos recollidos no informe anterior deste organismo:

- Coa información da que dispomos, comprobouse que existen zonas habitadas, que non están consideradas chan de uso industrial, nas que os valores preoperacionais xa superan os limiares establecidos no RD 1367/2007. Ademais, en dito estudo,

apórtanse datos que non son concordantes, xa que por exemplo, nalgún dos receptores obtivéronse valores máis altos durante o período nocturno que no diúrno, etc.

- Considerase necesario o desenvolvemento dun plan para o seguimento específico do efecto provocado polo parpadeo de sombras durante o primeiro ano para comprobar que non se superan os limiares establecidos (cronograma, receptores, etc.), sobre todo tendo en conta que nos datos do estudo do efecto parpadeo para o "caso real" existen múltiples receptores que superan as 12 horas/ano.

Recórdase que o limiar tanto para o estudo do "caso real", como durante o seguimento específico do efecto provocado polo parpadeo de sombras durante o primeiro ano son 12 horas/ano e non 30 horas/anos como se indica na documentación recibida.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

